

El Progreso

Galiciae

Literatura

Unha ducia de lugueses optan aos premios dos autores en lingua galega

Etiquetas: lugueses, premios, autores, lingua galega

M.V.I. / El Progreso (Lugo). Unha ducia de lugueses optan aos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), cuxa edición de 2014 se fallará o 3 de maio en Pontevedra, na Gala das Letras. A AELG deu a coñecer onte as candidaturas, escollidas polos socios do colectivo, coas achegas do Colexio de Xornalistas na categoría de xornalismo cultural e de Gálix no que atinxe a literatura para mozos.

O ensaísta e profesor mindoniense Armando Requeixo concorrerá no apartado de mellor blog lietario con Criticalia, e competirá con Ramón Nicolás, Antonio García Teijeiro e Antón García Fernández.

Asemade, As investigadoras luguesas Olga Castro e María Reimóndez optan ao mellor ensaio por 'Feminismos'. Na terna de finalistas están Rebeca Baceiredo e Xosé Ramón Freixeiro Mato.

Xabier P. DoCampo e a súa novela 'A illa de todas as illas' medirase na categoría de literatura para mozos a Miro Villar e Marcos Calveiro.

A pontenovesa Montse Dopico foi elixida como unha das cinco finalistas pola súa traxectoria no xornalismo cultural de Galicia, cabo de nomes como Iago Martínez, Fran P. Lorenzo, Ana Romaní e Carme Vidal.

Ademais, tres dos catro candidatos na categoría de poesía son lugueses. Trátase de Miguel Anxo Fernán Vello ('Habitación do asombro'), Olalla Cociña ('Ningún precipicio') e Xesús Rábade Paredes ('Sobre ruínas'). A cuarta en discordia é Berta Dávila.

O viveirense Gustavo Pernas e as súas 'Isóbaras' foron escollidos entre os mellores do teatro galego do ano, xunto a 'O refugallo' de Paula Carballeira e as 'Obras completas' de Roberto Vidal Bolaño.

Finalmente, na categoría de tradución o lugués Alejandro Tobar ('Viaxe ao futuro. Relatos de ciencia ficción') terá que medirse á primeira versión do 'Ulises' de James Joyce en galego, obra de Antón Vialle, Eva Almazán, María Alonso Seisdedos e Xavier Queipo, e a 'Desgasteí cadeas estrañándote', de Ahmed Arif, traducido por Pepa Baamonde e Irfan Güler.

Por outra parte, as tres mellores obras de narrativa do ano para os socios da AELG son 'A lúa da colleita', de Anxos Sumai; 'A memoria da choiva', de Pedro Feijoo, e 'O derradeiro libro de Emma Olsen', de Berta Dávila.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega fallará os seus premios no transcurso da Gala das Letras o día 3 de maio en Pontevedra

29/03/2014